

**MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,**

**CERTIFICO:**

**Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e oito de novembro dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:**

**10/685 MODIFICACIÓN DO ACORDO NÚMERO 9/630, DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 8 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2015 E 2 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2016).**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta do Director Xeral de Recursos Humanos, do 23 de novembro de 2018, conformada polo Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal que, a seguir, se transcribe:

“A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día sete de novembro de dous mil dezaoto, adoptou, entre outros, o acordo 9/630 DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POR ESTE CONCELLO PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A 8 PRAZAS DE ADMINISTRATIVO/A, PERTENCENTES AO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO, QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA (6 PRAZAS INCLUÍDAS NA OEP 2015 E 2 OEP 2016).


Visto que no mencionado acordo figura o seguinte parágrafo:

“Proponse como data para a realización do primeiro exercicio sinalado na base sétima das bases específicas o 4 de decembro de 2018.”

Tendo en conta que a proximidade da data proposta non permite o cumprimento dos requisitos de publicidade do proceso selectivo e polo que se propón á Xunta de Goberno Local a modificación do acordo 9/630 de xeito que se suprima da súa redacción o parágrafo:

‘Proponse como data para a realización do primeiro exercicio sinalado na base sétima das bases específicas o 4 de decembro de 2018.’”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na referida proposta e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma.



**ACTAS E GOBERNO**

JDR/cal

Refª: 18x510100685

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28-11-2018

Sra. D.<sup>a</sup> MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS); Ilma. Sra. D.<sup>a</sup> ROSANA RIELO ROZAS, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Concello e Cidadanía e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA** aprobar a antedita proposta nos seus propios termos.

**E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**